

A UVigo cooperará no estudo das “extincións invisibles” de especies endémicas na Península

Por **redacción** - 4 Outubro, 2018



O investigador Francisco Perfectti recollendo mostras para realizar estudos moleculares no laboratorio/ Duvi

As especies endémicas caracterízanse porque a súa área de ocupación está restrinxida a unha zona xeográfica concreta e **son especialmente vulnerables á extinción, se o seu ecosistema sofre perturbacións.**

As principais causas da súa desaparición, como a sobreexplotación dos ecosistemas, a contaminación, o cambio climático ou as especies invasoras, **están amplamente documentadas.**

Pero existe un **fenómeno pouco coñecido, as extincións invisibles**, nas que se extinguen especies sen que se detecte a súa desaparición. Este novo proxecto de investigación no que están implicados o grupo Divulgare, da Universidade de Vigo, a Estación de Zonas Áridas de Almería (CSIC), as universidades de Granada, Carlos III de Madrid, Pablo de Olavide e o Parque Natural de Cazorla, Segura y las Villas.

Trátase dunha iniciativa que ten como obxectivo, como explica Luis Navarro, coordinador do grupo Divulgare, **analizar “a perda de diversidade biolóxica que está ocorrendo en zonas áridas da conca mediterránea”** como consecuencia da expansión de especies exóticas e plantas asociadas á actividade humana”.